
Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

Escola Universitaria CEU Maxisterio-Vigo

Curso: 2023/2024

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Coordinación de Calidad	Comisión de Calidade	Xunta de Goberno
Data e sinatura	Data e sinatura 27/06/25	Data e sinatura 21/07/25

Índice

I	INTRODUCCIÓN.....	3
II	ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO.....	6
III	ACCIÓNS DE MELLORA.....	24
IV	CADRO DE MANDO	25
V	QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS.....	26
VI	PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO	26
VII	ANEXOS.....	26

I INTRODUCCIÓN

I.1 Descrición del centro y de las titulacións

Anualmente a Escola ten a obrigação de dar conta no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do estado no que se atopa. Para iso, é imprescindible que desde a Escola se reflexione e analice a situación que afecta aos estudos de grao que se imparten nela. A elaboración deste informe é o resultado dun traballo en equipo no que se implicaron as coordinadoras de cada unha das titulacións, a dirección do centro e a Comisión de Calidade, baixo a supervisión da responsable de Calidade da Escola.

O Informe de Revisión do Sistema pola Dirección inclúe, polo tanto, o análise dos datos relativos ao curso anterior dos Graos de Educación Infantil e de Educación Primaria e, ademais, o análise por distintos colectivos: alumnado, profesorado, PAS, alumnado egresado, empregadores, etc. Así mesmo, atendendo á responsabilidade que tanto a Comisión de Calidade como a Xunta de Goberno teñen sobre a elaboración do informe, convocáronse reunións en distintos niveis para valorar a súa pertinencia e adecuación. Neste sentido, os membros de ambas xuntas teñen a oportunidade de realizar os xuízos e achegas que consideren pertinentes, sempre coa finalidade de mellora.

Durante o curso académico 2023/2024 seguiuuse a mesma liña que en cursos anteriores, coa coordinación transversal entre o profesorado e entre distintos niveis. Neste sentido, tratándose dun centro pequeno, o profesorado que asume as funcións de coordinación nos respectivos cursos e títulos tamén imparte docencia nas dúas titulacións e, por tanto, coñece ben o alumnado e as dificultades que se poden presentar no día a día. Isto posibilita que as dinámicas de coordinación funcionen con eficacia e rapidez e que o cumprimento dos obxectivos non se vexa alterado.

Na seguinte táboa reflíctese detalladamente a estrutura académica dos distintos responsables cunha perspectiva histórica que, por razóns de espazo, inclúe os dous últimos cursos. Nela, pódese observar que a modificación máis relevante foi a división dos cursos de primeiro en dous grupos co fin de mellorar a ratio, garantir unha mellor atención ao alumnado e unha mellor calidade da docencia.

TÁBOA 1. Estrutura de coordinación e apoio á docencia nos títulos de Grao

Responsabilidade		Curso 2023-2024	Curso 2022-2023	Curso 2021/ 2022
Coordinación de títulos				
Coordinadora título Educación Infantil		Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia
Coordinadora título Educación Primaria		Piñero Sampayo, M ^a Fernanda	Piñero Sampayo, M ^a Fernanda	Piñero Sampayo, M ^a Fernanda
Coordinación cursos Educación Infantil				
Coord. 1º Infantil	A	García Cajide, Purificación	García Cajide, Purificación	García Cajide, Purificación
	B	Lloves Pequeño, Marta		
Coord. 2º Infantil		Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia
Coord. 3º Infantil		Peláez Torres, Marta	Peláez Torres, Marta	Peláez Torres, Marta
Coord. 4º Infantil		Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana	Álvarez Ledo, Sandra
Coordinación cursos Educación Primaria				
Coord. 1º Primaria	A	Ciga Tellechea, Elena	Ciga Tellechea, Elena	Rúa Fernández Montserrat
	B	Muñoz Prieto, Mar		
Coord. 2º Primaria		Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana
Coord. 3º Primaria		Rodríguez Lorenzo, M ^a del Carmen	Rodríguez Lorenzo, M ^a del Carmen	Rodríguez Lorenzo, M ^a del Carmen
Coord. 4º Primaria		Piñero Sampayo, M ^a Fernanda	Piñero Sampayo, M ^a Fernanda	Piñero Sampayo, M ^a Fernanda
Coordinación prácticas externas curriculares				
Educación Infantil		Muñoz Prieto, M ^a del Mar	Muñoz Prieto, M ^a del Mar	Muñoz Prieto, M ^a del Mar
Educación Primaria		Muñoz Prieto, M ^a del Mar	Muñoz Prieto, M ^a del Mar	Muñoz Prieto, M ^a del Mar
Coordinación Trabajo Fin de Grao				
Educación Primaria		Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra
Educación Infantil		Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra
Coordinación mobilidade estudantes				
Coordinadora		Peláez Torres, Marta	Álvarez Ledo, Sandra	Álvarez Ledo, Sandra
Coordinación Calidade				
Coordinador		Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana
Coordinación PAT				
Coordinadora		Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana

En relación cos cambios relacionados co sistema de calidade, durante o curso 2023/2024, acordouse modificar o Manual de Calidade en dous puntos relativos á composición da Comisión de Calidade: en primeiro lugar, a incorporación como membros da Comisión de Calidade das Coordinadoras de Prácticum e do Traballo de Fin de Grao e, en segundo lugar, a decisión de que os delegados de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria sexan os representantes do alumnado nesta comisión no caso de non resultar ningunha persoa elixida no proceso electoral.

Por último, aprobáronse os seguintes procedementos do SGIC:

DE-02: Seguimento e medición

DO-0101: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais

DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións

PE-02: Xestión do PDI

XD-01: Control dos documentos e dos rexistros.

Por último, a elaboración deste informe coincidiu no tempo coa redacción do autoinforme de acreditación da Escola, polo que aproveitouse o traballo realizado nese documento para elaborar este informe. De aí, que na análise que faremos a continuación, os gráficos amosen a evolución dos últimos seis anos.

I.2 Datos e Indicadores

Los datos e indicadores que se utilizarán para realizar la revisión se encuentran en el cuadro de mando asociado al procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”, disponible en formato Excel en la siguiente enlace de la página web del centro: <https://www.escuelamagisterioceuvigo.es/calidad/>

I.3 Outros datos salientables

O centro e/ou os títulos poden engadir outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.

Poden incluírse referencia ou recortes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.

II ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO

Atendendo ás características do centro (número de alumnado, profesorado, PAS, instalacións, etc.) neste apartado analizaranse de xeito conxunto os resultados de cada unha das titulacións adscritas ao centro.

II.1 Titulacións Grao de Educación Infantil y Grao de Educación Primaria


Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.



Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Atendendo ás características do noso centro como un centro adscrito de carácter privado que conta cunha oferta similar dun centro público da mesma universidade na contorna, podemos destacar que dende o curso 2018/2019, as taxas de **matrícula de alumnado por novo ingreso** amosan unha estabilidade xeral con leves oscilacións:



Estas cifras correspóndense cunha taxa de ocupación que nos últimos seis cursos situouse nas dúas titulacións lixeiramente por enriba do 100% (104,22% para o Grao de Educación Infantil e 110% para o Grao de Educación Primaria) o que amosa unha capacidade de atracción constante, aínda que moito alumnado acceden como segunda opción ao non poder acceder ao centro público, como reflicten outros indicadores como a taxa de preferencia ou adecuación.



En todo caso, neste dous indicadores cúmprese cos obxectivos marcados no plan estratéxico do centro.

Ademais, o centro desenvolve accións específicas de información, acompañamento e orientación ao estudiantado, especialmente ao de novo ingreso, no marco do seu Plan de Acción Tutorial. O plan tutorial da Escola inclúe tamén o incremento de titorías presenciais na aula ao longo do curso, prestando especial atención ao alumnado de primeiro, con obxectivos de apoio emocional, adaptación e fomento da responsabilidade académica; titorías individuais co estudiantado de novo ingreso, favorecendo un coñecemento máis próximo por parte do profesorado e unha detección temperá das súas necesidades e reunións cuadrimestrais das titoras co profesorado das materias correspondentes, que permiten unha visión integral do seguimento do alumnado e facilitan a detección de dificultades e o deseño conxunto de medidas de apoio.

A **modalidade de ingreso no Grao de Educación Infantil e Primaria** segue a ser maioritariamente a procedente de alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español con proba de acceso. Ademais, no caso do Grao de Educación Infantil percíbese que outra modalidade de ingreso cada vez máis en alza é a de aquelas persoas tituladas en formación profesional de grao superior. Tanto é así que se tivo en conta este dato en conta á hora de elaborar os horarios e de conformar os grupos desta titulación, pois este tipo de alumnado, ao convalidar materias, desequilibraba os grupos de prácticas da materias doutros cursos.

A **nota media de acceso do alumnado** de novo ingreso sitúase nun nivel medio-alto, o que reflicte a diversidade de perfís de ingreso característica do noso centro. Esta situación está condicionada en parte

polo contexto no que se insire o centro, marcado pola presenza doutros centros públicos próximos que ofrecen a mesma titulación, o que obriga a unha política de admisión orientada a garantir o número de prazas cubertas, sen que iso supoña unha renuncia á calidade da formación nin ao acompañamento do estudantado ao longo da súa traxectoria. Neste sentido, a **taxa media de preferencia** —que mide a proporción de alumnado que elixe o grao como primeira opción respecto ao número de prazas ofertadas— é do 70,6 % en Educación Infantil e de 107,78% en Educación Primaria; mentres que a **taxa media de adecuación** —que reflicte a porcentaxe de alumnado matriculado que efectivamente elixiu a titulación como primeira opción— sitúase no 38,40 % no Grao de Educación Infantil e de 41,39% en Educación Primaria. Estes datos, en lugar de cuestionar a calidade do centro, evidencian a súa capacidade para atraer e fidelizar alumnado mesmo nunha contorna altamente competitiva, e a súa vontade de ofrecer unha formación adaptada á diversidade do alumnado que finalmente accede ás titulacións.

A comisión de **recoñecemento de créditos** da Escola desenvolveuse de acordo co previsto como reflicte a seguinte táboa:



Grao Mestre en Educación Infantil						
Materias				Formación Profesional		
	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos
18-19	2	102	84	22	300	300
19-20	1	114	114	17	186	180
20-21	3	78	78	23	378	378
21-22	-	-	-	33	426	426
22-23	3	174	138	34	432	432
23-24	6	284	222	34	396	396
24-25	-	-	-	36	432	432

Grao Mestre en Educación Primaria			
	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos
2018-19	2	96	78
2019-20	11	666	630
2020-21	8	228	216
2021-22	4	180	180

2022-23	4	192	156
2023-24	8	378	354
2024-25	6	337	294

Estes datos amosan o incremento do perfil de ingreso de alumnado procedente de ciclos no caso de Educación Infantil, o que motivou que se tivesen que facer cambios organizativos no centro para garantir unha docencia equilibrada e de calidade.

O grao de satisfacción do alumando nas Enquisas de Avaliación Docente (EAD) mantense en niveis medio- altos. Se ben consideramos que os datos de participación dos últimos cursos deben ser revisados, porque recentemente descubriuse un erro á hora de ter en conta a parte práctica das materias que contaba como unha enquisa independente cando no noso centro, a parte práctica é impartida polo mesmo docente.



Puntos débiles detectados na reflexión:

- ..
- ..

Denominación das accións de mellora
(Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):

- ..
- ..

Evidencias nas que basea a reflexión:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)

E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade

E6: Listaxe de estudantado que solicitou o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación

E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e persoas tituladas respecto ao perfil de egreso

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)

E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares

- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso

I3: Indicadores de mobilidade do estudantado

I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)

I14: Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento

Criterio 2: Información e Transparencia

Estándar: O Centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión sobre á Información e Transparencia da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora")

A Escola conta con procedementos implantados que garanten a publicación de información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible sobre o desenvolvemento das súas ensinanzas. Estes procedementos aseguran a transparencia institucional, a rendición de contas e contribúen á mellora continua da calidade educativa. Grazas a estes procedementos e aos mecanismos cos que conta a Escola para facer chegar á comunidade universitaria toda a información relacionada cos programas formativos, o bloque 2 das enquisas de satisfacción que se corresponde coa Información e transparencia adoita ser un dos bloques mellor valorados polos distintos grupos de interese.

Todos estes esforzos permiten ofrecer á comunidade universitaria unha información veraz, actualizada e útil, que facilita a toma de decisións informadas e promove a confianza e o compromiso coa calidade educativa do centro.

Encuesta	Grado Educación Infantil	Grado Educación Primaria
Satisfacción alumnado	3,18	3,36
Satisfacción egresados	4,88	4,80
Satisfacción profesorado	SD	
Satisfacción PAS	SD	

Puntos débiles detectados na reflexión:

- ..
- ..

Denominación das accións de mellora

(Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):

- ..
- ..

Evidencias nas que basea a reflexión:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título

- R1 DO-0301: Lista de chequeo ou verificación da Información Pública
- QSP relacionadas coa información e transparencia

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I26: Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: O centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión sobre á Sistema de garantía de calidade da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado “Puntos débiles detectados na reflexión”. Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado “Denominación das accións de mellora”)

As enquisas de satisfacción do alumnado, profesorado e PAS cos títulos, realizadas de forma virtual e anónima cada curso académico, permítenos levar a cabo un seguimento directo e continuado do seu grao

de satisfacción e constitúen un elemento máis de apoio á reflexión e á toma de decisións para a mellora constante, permitindo detectar algúns dos puntos fortes e febles. Nos ítems referidos ao Sistema de Garantía de Calidade do Centro, nas últimas enquisas de satisfacción, a valoración por colectivos foi a seguinte:

Valoración do Sistema de Garantía de Calidade	
Profesorado B7: Xestión de Calidade	SD
Alumnado B3: Sistema de Garantía de Calidade	Ed. Infantil- 3,05 Ed. Primaria-2,99
Alumnado titulado B3: Sistema de Garantía de Calidade	Ed. Infantil- 4,21 Ed. Primaria-2,50
PAS B5: Xestión de la Calidad	SD

Nos últimos cursos, dende a Comisión de Calidade fíxose un esforzo por mellorar as puntuacións do SGIC, dándolle visibilidade ao seu traballando e procurando a participación do alumnado na Comisión co impulso da elección de representantes. Porén, malia os esforzos realizados, a participación do alumnado foi mínima. De aí que se decidise mudar o Manual de Calidade da Escola para que, nos casos nos que ningún alumno se presente libremente a cubrir as vacantes do alumnado na Comisión, sexan elixidos como representantes os delegados/as de 2º curso das dúas titulacións. As razóns polas que se elixiu este curso son porque xa coñecen a Escola o suficiente e poden estar dous cursos seguidos, pois en 4º realizan as prácticas académicas nos centros e súa presenza no centro é case nula.

En todo caso, obsérvase unhas baixas valoracións nos epígrafes relacionados co sistema de QSP, valoracións que non se corresponden co número de queixas recibidas (só unha, no Grao de Educación Primaria, durante o curso 23/24). Por iso, a Comisión decidiu abrir un plan de mellora co fin de tratar de mellorar a valoración destes epígrafes cunha serie de accións nas que se dará a coñecer este sistema ao alumnado de todos os cursos, pois a Comisión considera que as baixas valoracións poden deberse ao descoñecemento e ao medo do alumnado a empregar este sistema e non a un mal funcionamento, pois son moi poucas as queixas que se reciben ao longo do curso.

Puntos débiles detectados na reflexión:

- Baixas valoracións nos epígrafes relacionados co sistema de QSP

Denominación das Accións de mellora

(Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):

- Informar ao alumnado do sistema QSP

Evidencias nas que basea a reflexión:

E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade

- E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
 E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC
 E12: Plans de mellora
 E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
 E14: Informe de certificación da implantación do SGC
- QSP relacionadas co Sistema de garantía de calidade

Indicadores nos que se basea a reflexión:

- I4: Resultados dos indicadores do SGC
 I41: % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC
 I42: % Accións de Mellora finalizadas en prazo

Criterio 4: Recursos Humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión sobre os Recursos Humanos da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora")

A memoria verificada do Título detalla o persoal académico e de apoio necesario do que dispón cada centro para garantir a consecución das competencias e dos obxectivos formativos que se pretenden acadar, así como para atender de forma axeitada ao alumnado matriculado. Valórase de maneira satisfactoria o cumprimento deste criterio. O cadro docente dos Graos en Educación Infantil e Primaria da Escola de Maxisterio de Vigo responde adecuadamente aos compromisos establecidos na Memoria do Título e mantense estable.

A información sobre o persoal académico implicado na docencia dos Graos en Educación Infantil e Primaria é pública e de doado acceso a través da páxina web do centro. Ademais dos datos básicos sobre o profesorado (localización, titorías, materias que imparte, categoría, Departamento, etc.), preséntase un currículo abreviado de cada docente, que inclúe unha descrición das liñas de investigación, publicacións máis recentes, proxectos de investigación, etc. A cualificación e implicación do profesorado é suficiente para manter os estándares da titulación e permite acadar uns resultados satisfactorios, acordes cos obxectivos do título.

Na táboa seguinte móstranse as características do profesorado do Grao:

Curso académico	Número De	Número de	Número de profesores	Profesores Titulares	Profesores adjuntos	Número de profesores	Número de
-----------------	-----------	-----------	----------------------	----------------------	---------------------	----------------------	-----------

	profesores	profesores doctores	acreditados			en proceso de acreditación	profesores en etapa de Tesis
2018-2019	23	14	4	15	8	8	3
2019-2020	23	14	4	14	5	8	2
2020-2021	23	14	4	14	5	7	2
2021-2022	23	12	8	12	10	2	4
2022-2023	23	12	8	12	10	2	4
2023-2024	22	12	9	12	10	1	4

Existe, ademais, unha coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación empregados. Do mesmo xeito, a ratio de estudantes por grupo (Grupo A-55; Grupo B- 27) permite un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, tendo en conta as características de cada asignatura. De feito, para garantir este punto optouse por dividir os grupos do primeiro curso. A través da Fundación Universitaria San Pablo CEU, a Escola conta cun programa específico de formación continua que xeralmente se desenvolve nos meses de xaneiro e xuño, ademais das conferencias, talleres e simposios que se organizan semanalmente na Escola e que constitúen unha oportunidade de actualización e mellora da actividade docente. Como se amosa na táboa seguinte, os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción realizadas a diferentes colectivos da Escola son moi favorables,

Valoración do bloque 'Recursos humanos'	
Profesorado B4: Recursos humanos	SD
Alumnado B4: Recursos humanos	Ed. Infantil- 3,80 Ed. Primaria-4,08
Alumnado titulado B4: Recursos humanos	Ed. Infantil- 4,75 Ed. Primaria-4,10
PAS B3: Recursos humanos	SD

Puntos débiles detectados na reflexión:

- ..
- ..

Denominación das Accións de mellora
(Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):

- ..
- ..

Evidencias nas que basea a reflexión:

E15: POD: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.). CV profesionais externos
E16: Información sobre o persoal de apoio do Centro (número e posto desempeñado etc.)
E17: Documento onde se recolla a análise das EAD (% de participación, resultados e a súa evolución...)

- QSP relacionadas cos Recursos Humanos da titulación

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I5: Indicadores de formación do profesorado

I6: % de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación

I7: % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos

I8: Indicadores de mobilidade

I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)

I39: índice de satisfacción cos Recursos Humanos

I43: Resultados EAD

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos ao dispor do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e resultados de aprendizaxe a adquirir polos mesmos.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos ao dispor do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión sobre os Recursos Materiais e Servizos da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado “Puntos débiles detectados na reflexión”. Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado “Denominación das accións de mellora”)

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudantado, do profesorado e do PAS por parte do centro son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, e axústanse ás necesidades e ao número de estudantes matriculados. Existe información dispoñible a través da web do centro para a súa consulta. O centro dispón dos recursos materiais e servizos que garantizan o desenvolvemento adecuado da actividade formativa e permiten a consecución das competencias que se pretenden acadar. Ademais, en todo momento, o persoal docente, o PAS e o estudantado poden formular suxestións e demandas de materiais, que se satisfán sempre que sexa posible.

Nos últimos cursos, ademais, implementouse un plan de mellora de carácter permanente co que se busca atender todas as demandas e suxestións do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos. Así, por exemplo, o curso pasado renovouse toda a instalación eléctrica, habilitáronse novas aulas para o desdobramento dos grupos de 1º, renovación de estores e de todo o sistema de detección de incendios, etc. No plan de mellora aberto realízase cada curso un seguimento destas melloras.

En canto aos recursos, a Fundación Universitaria San Pablo CEU pon a disposición do alumnado e do profesorado dúas plataformas telemáticas: Blackboard e Microsoft Teams. Estas plataformas serven de enlace entre docente e discente, ao posibilitar que se poidan subir os contidos e actividades da materia e facer o seu seguimento (control de asistencia, envío de mensaxes, avaliación, titorías virtuais, etc.). O

curso pasado introducíronse melloras na plataforma Blackboard e todo o profesorado participou nos cursos de actualización.

Na táboa seguinte recóllense os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción realizadas a distintos colectivos da Escola.

Valoración do bloque 'Recursos materiais e servizos'	
Profesorado B5: Recursos materiais e servizos	Sd
Alumnado B5: Recursos materiais e servizos	Ed. Infantil- 3,14 Ed. Primaria- 3,51
Alumnado titulado B5: Recursos materiais e servizos	Ed. Infantil- 4,57 Ed. Primaria-3,73
PAS B4: Recursos materiais e servizos	Sd

Os esforzos realizados nos últimos cursos para mellorar a dotación do centro en recursos e servizos tiveron efecto, pois a puntuación mantense estable por enriba dos 3 puntos.

Os servizos de orientación académica (problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e de orientación profesional postos a disposición do estudantado considéranse axeitados. Durante o curso 2023/2024, a coordinadora de ANEAE, en colaboración co PIUNE da UVigo, encárgase de redactar todos os protocolos para dar resposta ás distintas necesidades do alumnado. Neste curso dende o PAT-ANEAE atendéronse a trece persoas ás que se lle artellou trece estudantes os que solicitaron apoio educativo. Deste grupo, cinco deles están diagnosticados de trastorno de déficit de atención e/ou hiperactividade con diferentes manifestacións, un estudante presenta Síndrome de Duane que cursa con dificultades visuais, dous trastorno da aprendizaxe con dificultades en lectura e escritura, un dislexia, un trastorno de ansiedade e, por último, un estudante que presenta trastorno depresivo.

En canto á orientación e motivación do estudantado no relativo ao programa formativo, a Escola organiza cada ano un acto de acollida para o alumnado de novo ingreso e unha charla informativa anual sobre o título. Porén, detectase que os epígrafes relacionados coa orientación académica e profesional do alumnado seguen a ser febles en comparación cos outros. Por iso, dende a Comisión de Calidade propúxose abrir un plan de mellora relacionado con isto para dar coñecer o PAT entre o alumnado e as figuras das coordinadoras e do alumno-titor.

Durante o curso 2023/2024, a asignatura do Prácticum contou con 87 estudantes matriculados (42 de Educación Infantil e 45 de Educación Primaria) e con seis docentes encargados de titorizar ao alumnado e contactar cos diferentes centros escolares, co fin de manter un contacto directo cos titores de prácticas dos centros.

<p>Puntos débiles detectados na reflexión:</p> <ul style="list-style-type: none"> • .. • .. 	<p>Denominación das Accións de mellora (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):</p> <ul style="list-style-type: none"> • .. • ..
<p>Evidencias nas que basea a reflexión:</p> <p>E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)</p> <ul style="list-style-type: none"> • QSP relacionadas cos Recursos Materiais e Servizos da titulación 	
<p>Indicadores nos que se basea a reflexión:</p> <p>I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas (R1 DO-0204)</p> <p>I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)</p> <p>I23: Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos</p> <p>I24: Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro</p> <p>I25: % Alumnado en prácticas académicas</p> <p>I36: Nº Estudiantado titorizado</p> <p>I37: Grao de Satisfacción do estudiantado co PAT</p> <p>I38: Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas</p>	

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe

<p><u>Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polas persoas tituladas son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.</u></p>
<p>Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polo estudiantado e se son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES do título.</p>
<p>Reflexión sobre os Resultados de Aprendizaxe:</p> <p>(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado “Puntos débiles detectados na reflexión”. Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado “Denominación das accións de mellora”)</p> <p>Os resultados de aprendizaxe son coherentes co perfil de egreso, consistente basicamente en formar profesionais capacitados para a docencia en Educación Infantil e Primaria cunha ampla formación multidisciplinar de índole psicopedagóxica, humanística e científica. O desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados en cada unha das titulacións contribúen de maneira satisfactoria á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos na memoria verificada dos Títulos.</p>


Esta información recóllese de forma detallada nas guías docentes das distintas materias, publicadas na páxina web de cada un dos centros, a través da plataforma DocNet, con anterioridade ao comezo do período de matrícula do alumnado.

Para o alumnado que, por causas laborais ou familiares, non pode asistir con regularidade ás clases (menos do 80 % das sesións), e seguindo a normativa da Universidade de Vigo, ofréceneselles unha modalidade alternativa de avaliación nas distintas materias; coa excepción da materia do Prácticum, cuxas horas presenciais deben cumprirse no centro de prácticas asignado.

Na táboa seguinte recóllense os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción realizadas a distintos colectivos da Escola no bloque 6: "Resultados de aprendizaxe", que, en liñas xerais, melloran os resultados obtidos no curso pasado.

Valoración do bloque 'Resultados de aprendizaxe'	
Profesorado B6: Resultados de aprendizaxe	3,79
Alumnado B6: Resultados de aprendizaxe	Ed. Infantil- 3,41 Ed. Primaria-3,38
Alumnado titulado B6: Resultados de aprendizaxe	Ed. Infantil- 3,94 Ed. Primaria-3,40

Dende o curso 2018/2019, tamén se realizan enquisas ás entidades empregadoras –no noso caso centros escolares da contorna– que nos permiten coñecer a súa valoración sobre a preparación do noso alumnado, identificar fortalezas e áreas de mellora (por exemplo, o nivel de inglés) e axustar os programas formativos ás demandas reais do contexto profesional. Esta é a evolución do grao de satisfacción das entidades empregadoras no caso do Grao de Educación Infantil e do Grao de Educación Primaria. Cómpre ter en conta que os datos dos cursos 19/20 e 21/22 non se tiveron en conta pola baixa participación dos centros como se reflicte nos informes de revisión pola dirección.




Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento


<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</p>
<p>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título..</p>
<p>Reflexión sobre os Indicadores de Satisfacción e Rendemento da titulación:</p> <p>(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado “Puntos débiles detectados na reflexión”. Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado “Denominación das accións de mellora”)</p>

A Escola, como centro adscrito e de carácter privado pertencente á Universidade de Vigo, conta cunha sistemática consolidada de recollida, análise e interpretación de indicadores que permiten valorar o desenvolvemento das titulacións e impulsar decisións de mellora. Como xa sinalamos, o contexto no que se imparte o grao é particularmente singular, xa que, aínda que o título tamén se ofrece nos campus de Ourense e Pontevedra —ambos en facultades públicas da mesma universidade—, o noso centro é o único de carácter privado e adscrito no campus de Vigo, o que configura un entorno competitivo e condiciona determinados indicadores, especialmente no que respecta á captación e permanencia do alumnado. Entre os indicadores académicos recollidos destacan os seguintes:


A taxa de éxito mantense estable e elevada nos últimos seis cursos, oscilando entre o 93% e o 98 % nas dúas titulacións, o que evidencia un bo aproveitamento académico do estudiantado nas materias as que se presentou:




A taxa de rendemento tamén presenta unha evolución constante, con valores altos para as dúas titulacións, o que reforza a consolidación da formación académica.




A taxa de eficiencia mantén igualmente resultados altos e moi positivos, con valores superiores ao 90 % en todos os cursos para as dúas titulacións o que reflicte un aproveitamento adecuado do plan de estudos por parte do estudiantado egresado.



No que respecta a taxa de graduación, obsérvase unha tendencia descendente no Grao de Educación Infantil: do 80,43 % en 2018/2019 pasouse a un 49,28 % en 2023/2024 e unha tendencia descendente tamén, aínda que máis moderada, no Grao de Educación Primaria:



Esta tendencia pode relacionarse coa evolución da taxa de abandono, que no último curso analizado acadou os valores máis altos da serie para as dúas titulacións.




É importante sinalar que a diminución da taxa de graduación non sempre responde a un abandono definitivo dos estudos, senón que pode deberse a traslados a outras facultades públicas da contorna, como as de Pontevedra ou Ourense, ou a demoras nos tempos de finalización do grao por parte de estudantes que cursan os estudos a tempo parcial ou con adaptacións curriculares.


Por outra banda, o centro, como centro adscrito de carácter privado, situado no campus de Vigo, atende a unha poboación estudiantil que comparte sistema universitario con outras facultades de educación públicas.

Esta situación pode condicionar certos fluxos de matrícula ou mobilidade interna entre centros, o que debe terse en conta ao interpretar os indicadores.


Os índices de satisfacción do alumnado, do profesorado, das persoas egresadas e do persoal de administración e servizos recóllense de maneira sistemática a través de dúas fontes principais: as enquisas de avaliación da actividade docente (centradas unicamente no estudantado) e as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais, promovidas pola universidade e dirixidas a todos os grupos de interese. Unha das principais dificultades detectadas nos últimos anos foi a escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, o que dificultaba obter resultados representativos e fiables para a toma de decisións. Neste sentido, o último informe de acreditación da ACSUG sinalaba a necesidade de conseguir que aumentase a participación. Para facer fronte a esta situación, o centro puxo en marcha, no curso 18/19, un plan de mellora específico orientado a incrementar a implicación do estudantado neste proceso avaliador. Este plan contou coa colaboración activa das titoras de curso e coa implicación de todo o profesorado, que tomou conciencia da importancia desta avaliación e incentivou a participación nas aulas. Grazas a este traballo conxunto, logrouse un aumento significativo na participación do alumnado e así obsérvase, pese as oscilacións, unha tendencia á alza na que se deberá seguir traballando:



En todo caso, o grao de satisfacción nos distintos grupos de interese mantense estable nuns niveis aceptables. Así o grao de satisfacción do alumnado sitúase en valores por encima dos 3 puntos con lixeiras oscilacións.



No caso do alumnado titulado, o grao de satisfacción do estudiantado titulado sitúase en valores medio-altos.



Fronte as enquisas de satisfacción que teñen como obxectivo a avaliación en conxunto da titulación en dous momentos (3º curso e alumnado titulado) e que, ademais, teñen unha mostra delimitada, as Enquisas de Avaliación Docente (EAD) ofrecen unha información máis contextualizada, pois as valoracións do alumnado correspóndese cunha materia e un docente concreto e a mostra do alumnado é moito máis ampla. Os resultados obtidos no Grao de Educación Infantil amosan unha evolución estable, cuns resultados altos de valoración (un valor de 4 sobre 5). No que respecta á participación, cómpre destacar que os datos poden non ser fieis, pois no curso 24/25 detectouse un erro no recuento das enquisas, pois estas duplicábanse nos grupos prácticos e, no noso centro, o docente que imparte a parte práctica é sempre o mesmo.

EAD INFANTIL	
■ Grao satisfacción ■ Participación	
2023/2024	3,99 37,84
2022/2023	4,68 43,49
2021/2022	3,96 53,35
2020/2021	4,09 47
2019/2020	3,81 47,52
2018/2019	3,78 63,31

<p>Puntos débiles detectados na reflexión:</p> <ul style="list-style-type: none"> • .. • .. 	<p>Denominación das Accións de mellora (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):</p> <ul style="list-style-type: none"> • .. • ..
--	--

<p><u>Evidencias nas que basea a reflexión:</u></p> <p>E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)</p> <p>E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)</p> <p>E29: Documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU)</p> <ul style="list-style-type: none"> • QSP relacionadas cos Indicadores de satisfacción e rendemento da titulación

<p><u>Indicadores nos que se basea a reflexión:</u></p> <p>I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso</p> <p>I10: Indicadores de resultados</p> <p>I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso:</p> <p>I12: Resultados de inserción laboral</p> <p>I20: Índice das enquisas de satisfacción coas titulacións</p> <p>I21: Taxa de abandono (Egreso)</p> <p>I22: Taxa de cambio de estudo</p> <p>I35: Nota media do acceso</p>

III ACCIÓNS DE MELLORA

III.1 Novas accións de mellora propostas

Neste apartado incluíranse todas as accións de mellora que xurdiron da análise dos diferentes criterios das titulacións.

Na táboa reflexaranse as denominacións das accións de mellora, que deberán coincidir coa denominación que empregamos para rexístralas na aplicación SGC. Na columna “Alcance “ indicarse se a acción de mellora

correspondente atinxe a totalidade do centro ou só a unha das titulacións. Na columna “criterio” indicárase cal dos sete criterios esta asociado a esta acción.

Todas as accións de mellora deberán rexistrarse e facer o seu seguimento a través da aplicación SGC do sistema de calidade. Isto é moi importante para garantir a trazabilidade dos plans de mellora e afrontar adecuadamente os procesos de avaliación externa.

Acción de Mellora	Alcance	Criterio
Seguimento e avaliación do Plan Estratégico	Centro	3. Sistema de Garantía de Calidade
Mellorar a satisfacción e coñecemento das distintas coordinacións da escola	Centro	5. Recursos materiais e servizos
Mellorar a satisfacción do alumnado co sistema QSP	Centro	3. Sistema de Garantía de Calidade
Mellorar as competencias académicas básicas do alumnado	Centro	6. Resultados de aprendizaxe

III.2 Seguimento das accións de mellora establecidas

O seguimento das accións de mellora que non se finalizaron no curso anterior, realizarase na aplicación da secretaria virtual (SGC). Como anexo, a este informe deberá xuntarse o documento pdf descargado da aplicación, coa totalidade das accións de mellora activas e as que non estiveran finalizadas no informe anterior.

IV CADRO DE MANDO

IV.1 Análise dos obxectivos e metas

Neste apartado reflexionase sobre a consecución dos obxectivos/metos de calidade, que se recollen no cadro de mando. A reflexión poderá levar asociada o establecemento de accións de mellora no caso de que os resultados non foran satisfactorios.

V QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS

Neste epígrafe realizarase unha análise de cada unha das queixas ou suxestións recibidas polo centro e que foron consideradas pertinentes, indicando as respostas ás queixas e as actuacións ou accións de mellora que se estableceron a partir das mesmas. Así mesmo indicárase os motivos dos parabéns recibidos.

Código QSP	Descrición da QSP	Análise das causas da queixa	Actuacións a desenvolver
QSP-24/0238	Disconformidade coa avaliación e o trato recibido por un docente na revisión do exame	Descoñecemento do sistema de avaliación da materia por parte do alumno que orixinou un conflito co docente da materia	Necesidade de clarificar o alumnado o sistema de avaliación da materia e, por parte do profesorado, a necesidade de que o sigan con exactitude.

VI PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO

Neste apartado realizarase unha explicación do desenvolvemento do plan estratéxico neste curso académico, indicando as accións que se realizaron, os resultados acadados facendo referencia aos indicadores asociados ao mesmo.

VII ANEXOS

Obrigatoriamente deberán xuntarse a este informe:

- Anexo 1: Informe de resultados das titulacións das enquisas de avaliación docente (EAD) do curso obxecto de análise.
- Anexo 2: Plan de mellora, que incorpora as novas accións e o seguimento das accións de mellora establecidas e non pechadas en cursos anteriores (Documento pdf).
- Anexo 3: Documento coas cualificacións das materias das titulacións.
- Anexo 4: Documento coa cualificación de profesorado.

Tamén pódense incluír outra documentación adicional, no caso que o centro pode consideralo de interese

O cadro de mando cumprimentado e actualizado, deberá publicarse anualmente na páxina web do centro.



UNIVERSIDADE
DE VIGO


Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2023/2024
Centro:	E. U. de Profesorado de E.X.B.
Titulación:	11503 Grao en Educación Infantil



Titulación:	[11503] Grao en Educación Infantil				
Centro:	E. U. de Profesorado de E.X.B.				
Curso	2023/2024				
Encuestas realizadas	666	Encuestas potenciales	1760	Porcentaje	37.84

Informe de Titulación

ITEM	Titulación					Global	Centro Global	Universidade		Global
	1	2	Cursos		0			Grao	Mestrado	
M01. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4.19	4.09	4.44		4.49	4.23	4.29	4.24	4.41	4.26
M02. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a).	3.74	3.80	3.92		4.00	3.81	4.10	4.11	4.36	4.14
